



REAL CORO "TOXOS E FROLES"

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

III CONCURSO DE DÚOS GAITA-PERCUSIÓN **DO REAL CORO "TOXOS E FROLES"** **para instrumentistas de menos de 18 anos**

1. Poderán participar tódolos instrumentistas que o desexen, independentemente da súa procedenza xeográfica.
2. Únicamente serán admitidos instrumentos tradicionais galegos.
3. Os instrumentistas única e exclusivamente poderán formar parte dun dúo.
4. Os concursantes deberán vesti-lo traxe tradicional galego que non poderán quitarse ata o final do concurso.
5. Establecerase unha única categoría na que participarán ata un máximo de 10 parellas. Os participantes non poderán ter cumpridos os 18 anos antes da data do concurso.
6. Para a selección dos concursantes terase en conta o curriculum e as pezas presentadas a concurso.
7. As parellas que desexen participar deberán remiti-la folla de inscrición que se adxunta e que tamén pode ser atopada na páxina web do Real Coro "Toxos e Froles" (www.toxosefroles.com), acompañada pola fotocopia do DNI de ámbolos dous participantes, para confirma-la idade dos mesmos.
8. As inscricións deberán ser remitidas á dirección postal seguinte:
 - Real Coro "Toxos e Froles", Rúa Magdalena 220, apdo 72, 15402 Ferrol
 - Ou ó correo electrónico info@toxosefroles.com**Antes do día 1 de Novembro de 2013.**
9. O concurso terá lugar na Sede do Real Coro "Toxos e Froles", na Rúa Magdalena 220 de Ferrol, o **Domingo 10 de Novembro de 2013 ás 19.00 horas**.
10. As parellas seleccionadas deberán estar presentes na Sede do Real Coro "Toxos e Froles" ás 18.00 horas para confirma-la súa asistencia.
11. A orde de actuación farase por sorteo por membros da Xunta Directiva do Real Coro "Toxos e Froles" e será feita pública na páxina web da Entidade.
12. A actuación dos dúos de instrumentistas terá unha duración mínima de 4 minutos e máxima de 5 minutos. Haberá que interpretar obrigatoriamente un ritmo de muiñeira ou xota, quedando á elección dos músicos a mostra doutras melodías.
13. O tempo de actuación comezará a contar de xeito continuo co inicio da interpretación.



REAL CORO “TOXOS E FROLES”

Fundado en 1915

DECANO DOS COROS GALEGOS

MEDALLA DE OURO DE GALIZA

14. A folla de inscrición deberá ir acompañada coas partituras das melodías para gaita a interpretar polos concursantes. Asemade, adxuntarase un pequeno curriculum de ámbolos dous instrumentistas.
15. O concurso estará dotado dun **único premio de 500 €**.
16. A cada parella seleccionada para participar no concurso se lle fará entrega da cantidade de **50€** para cubri-los gastos de desprazamento.
17. O Xurado estará composto por persoas coñecedoras da música tradicional galega.
18. O Secretario Xeral do Real Coro “Toxos e Froles” será o encargado de levantar acta e facer públicas as decisións do Xurado.
19. O Xurado valorará a afinación, o emprego de dixitacións galegas, ornamentación, recursos interpretativos, dificultade das pezas, estética, ... e o empaste entre ámbolos dous instrumentistas.
20. O Xurado será o encargado de xulga-las actuacións dos participantes seguindo o estipulado nas presentes bases e asignará o premio, que en ningún caso poderá quedar deserto.
21. A inscrición no concurso implica a aceptación das presentes bases. O Xurado poderá descalificar a calquera concursante que non cumpra co estipulado nas bases.
22. A decisión do Xurado será inapelable.